

A “COLECCIÓN RESCATE” DE ALVARELLOS EDITORA, MELLOR OBRA EDITORIAL DO ANO 2008

- O xurado da 18 edición dos Premios Irmandade do Libro, outorgados pola Federación de Libreiros de Galicia, proclamou gañadora, na modalidade de “Obra Editorial do Ano 2008”, a esta colección de dez volumes que recolle a obra inédita, esquecida ou dispersa de grandes autores da nosa cultura.
- O recoñecemento levouse a cabo esta fin de semana durante unha cea desenvolvida no Carballiño que congregou ao mundo cultural galego.



A Colección Rescate de Alvarellos Editora recibiu esta madrugada o premio á mellor Obra Editorial do ano 2008, nun acto celebrado no Carballiño, organizado pola Federación de Libreiros de Galicia, e no que se entregaron os Premios Irmandade do Libro que o colectivo de libreiros galegos concede, cada ano desde hai xa dezaoto, ao mellor autor do ano, fomento da lectura, institución, centro de ensino, librería e obra editorial de Galicia.

O xurado, presidido polo presidente da Federación de Libreiros de Galicia, Xurxo Patiño Pérez, recoñece na Colección Rescate o seu esforzo e acerto á hora de recuperar a obra menos coñecida de grandes escritores da cultura galega. Foi o director da editorial, Henrique Alvarellos Casas, quen recolleu o premio, e agradeceu este recoñecemento “con moito orgullo, polo que supón, primeiro, de recuperación da obra esquecida de grandes escritores da nosa cultura, e tamén porque esta Colección significa un rescate dun proxecto editorial iniciado xa hai 32 anos”.

O PRIMEIRO VOLUME, CUNQUEIRO

Alvarellos Editora publicou o primeiro volume da Colección Rescate hai agora catro anos. Tratábase da recuperación dos artigos de Álvaro Cunqueiro inéditos en libro publicados na revista *Vida Gallega* durante os anos cincuenta. A ese volume seguiron outros con obra inédita, esquecida ou dispersa de Paco



del Riego, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Camilo José Cela, Leandro Carré ou María Mariño.

ROSALÍA, LUGRÍS E NEIRA DE MOSQUERA

O ano 2008 viron a luz tres volumes desta colección: *Versos a Compostela* de Rosalía de Castro, que daba a coñecer un retrato inédito da autora; *Balada de los mares del norte* de Urbano Lugrís, a primeira edición crítica da obra escrita do gran pintor surrealista, e *La marquesa de Camba*, a obra censurada de Antonio Neira de Mosquera, publicada en 1848 e nunca reeditada ata hoxe.

Os dez tomos aparecidos ata agora da Colección Rescate recollen todos eles algún tipo de material inédito ou moi descoñecido dos seus respectivos autores: textos, manuscritos, fotografías, ilustracións... En cada obra, un especialista no autor estuda os textos rescatados (por exemplo, Marcos Valcárcel no caso de Risco ou Pedrayo, Xosé Ramón Fandiño con Neira de Mosquera, Olivia Rodríguez no libro de Camilo José Cela, etc). Asimesmo, a presentación dos volumes é moi coidada: todos eles están encadernados en capa dura e cun esmerado traballo de deseño e maquetación.

PRÓXIMOS “RESCATES”

Os próximos volumes da Colección Rescate recollerán escritos dispersos de Álvaro Cunqueiro dedicados á cidade de Lugo (algún deles moi descoñecido) e se centrarán por outra banda na recuperación da obra breve do escritor coruñés Mariano Tudela.

[+ datos en: alvarellos.info]



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info